

EXPEDIENTE:	2026/00033408G
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Goretti Sanmartín Rei, Excma. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Dona María Pilar Farjas Abadía, con DNI 17862794M, que intervén neste acto en calidade de representante legal de Cáritas Diocesana de Santiago, con número de identificación fiscal R1500053B e domicilio social na rúa Carretas nº 29, código postal 15705, en Santiago de Compostela (A Coruña), como entidade sen ánimo de lucro e rexistrada no Rexistro de Entidades Relixiosas do Ministerio de Xustiza co número 909.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto.

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e

con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

Cáritas Diocesana de Santiago é o organismo oficial da igrexa na diocese de Santiago de Compostela para servir á acción caritativa e social, promovendo, coordinando e instrumentando a comunicación cristiá de bens entre as comunidades eclesiais en todas as súas formas, axudando á promoción humana e ao desenvolvemento integral das persoas, grupos e comunidades, colaborando en aquelas accións que teñan este fin, integrado na estrutura e acción pastoral da diocese.

Quinto.

Caritas Diocesana de Santiago, ten como fins ou obxectivos, segundo os seus estatutos:

- a) Concienciar e sensibilizar á comunidade cristiá e á sociedade en xeral en relación coa caridade e a xustiza.
- b) Promover, animar e coordinar iniciativas de carácter asistencial, promoción integral da persoa e de denuncia profética.
- c) Dar pulo á creación e potenciación de Cáritas parroquiais, apoiar ás interparroquiais e ás de zona pastoral, nese mesmo labor.
- d) Manter o contacto e a colaboración coa Confederación de Cáritas Española e outras Cáritas diocesanas, especialmente as das dióceses de Galicia, así como con outras entidades benéficas e cos organismos civís que fose mester, de ámbito nacional, autonómico, provincial ou municipal.
- e) Promover a comunicación cristiá de bens e encauzar a axuda e solidariedade cara ás persoas, grupos e pobos máis necesitados.

E para o cumprimento dos citados fins ou obxectivos, desenvolve, entre outros, **o seu programa específico de “Vagalume”, que ten como fins os seguintes:**

- 1) Coñecer directamente a realidade da prostitución achegándonos para eso aos lugares onde se leva a cabo: clubs e pisos.
- 2) Ser un lugar de referencia onde as mulleres, atopen apoio, información, orientación (social, xurídica, psicolóxica e laboral) e poidan iniciar un proceso de recuperación.
- 3) Mediar entre as mulleres e os distintos recursos.
- 4) Favorecer a súa calidade de vida.
- 5) Promover a súa autonomía.
- 6) Identificar, acoller e acompañar ás mulleres obxecto de trata con fins de explotación sexual no proceso de recuperación persoal.

7) Informar e sensibilizar á sociedade en xeral da situación das mulleres
obxecto de explotación sexual e trata.

Sexto.

O Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Sétimo

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos.

O programa financiado obxecto do convenio, ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración.

Oitavo.

Podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a pedimento da entidade interesada, **Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela** presentou no rexistro municipal o día 28/05/2026 con número de rexistro de entrada 2026032036 a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS, e previa previsión nos Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela 2026 do gasto e concesión a **Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela** dunha subvención nominativa para contribuír ao financiamento das actividades do *“Programa Vagalume. Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución”* por importe 30.000 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 010 23102 4800001 procedese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/ xeral descrito.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

PROGRAMA “ACOMPÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN”.

Para levar a cabo este programa o custe total aproximado, ascende a un total de **TRINTA MIL SEISCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉTIMOS DE EURO (30.648,55 €)**. *(Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).*

SEGUNDA.- CONTIDO.

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

PROGRAMA “Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución ”.

DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA

O Programa Vagalume — CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO, pretende manter co proxecto "Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución" a atención integral ás participantes co obxectivo principal de lograr a mellora no eido persoal, de saúde e favorecer a integración socio-laboral para mellora da calidade de vida.

Para lograr este obxectivo xeral de empoderamento da muller desenvolveranse diversas accións integradas: na **área persoal e de saúde**, motivando o autoconhecimento e autocoidado deseñando accións específicas para tal fin, actividades dirixidas á promoción de hábitos saudables, igualdade e prevención de violencia de xénero, e actividades destinadas á mellora de habilidades persoais para unha óptima xestión da vida diaria; na **área social** promovendo o acceso a dereitos e aos diferentes recursos da cidade cos que tamén realizarase mediación, tanto para a cobertura de necesidades básicas como para motivar proxectos persoais de integración social; na **área prelaboral** ofrecerase formación para adquisición de ferramentas básicas na busca de emprego e integración no sistema socio-laboral (adquisición de coñecementos culturais, habilidades sociais, coñecemento do medio...); así coma mediación cos recursos específicos e posibles empregadoras/es.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES

Obxectivo Xeral (OX): Reducir a vulnerabilidade e o risco de exclusión social ao que están expostas as mulleres que están dentro do sistema prostitucional no municipio de Santiago de Compostela.

Obxectivos Específicos (OE):

OE 1: Promover o empoderamento das mulleres a través de procesos de desenvolvemento persoal e proxectos persoais alternativos ao sistema prostitucional.

OE 2: Promover o acceso a dereitos das participantes a través da mediación cos diferentes recursos e entidades sociais.

OE 3: Facilitar a participación e integración social das mulleres participantes co entorno onde viven.

OE 4: Iniciar e/ou mellorar a empregabilidade das mulleres participantes mediante o

acompañamento e fortalecemento de competencias persoais e socio-laborais básicas.

OE 5: Promover a saúde integral das mulleres e motivar autonomía na xestión de hábitos saudables.

ÁMBITO TERRITORIAL

O proxecto "Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución" ofrece atención integral a mulleres que están en contextos de prostitución na cidade de Compostela e a súa contorna.

A maioría das intervencións realizaranse coas participantes de xeito presencial na sede de Vagalume - CARITAS (centro da muller), e tamén se realizarán desprazamentos xeográficos para acompañamentos presenciais para aqueles casos que é preciso derivación a outros recursos: servizos sociais, recursos socio-sanitarios ou sanitarios, e a dispositivos de acollida e/ou outras entidades.

O proxecto tamén da cobertura con visitas aos clubs e pisos situados na cidade de Santiago onde hai prostitución, e nas principais vías de acceso á localidade a través do traballo de rúa, onde se ofrece información socio-sanitaria e material para prevención das ITS.

Facilítase o contacto telefónico co programa nun teléfono de funcionamento 24 horas.

PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO

As participantes son mulleres dentro do sistema prostitucional que residen en Compostela e/ou concellos limítrofes pero que a súa actividade diaria localízase nesta cidade. A maioría das mulleres participantes son inmigrantes en situación administrativa irregular, e os principais países de orixe son Colombia, República Dominicana e Venezuela, sendo Paraguai e Perú dúas nacionalidades tamén representadas aínda que en menor cantidade. O tramo de idade mais representado é entre 18-55 anos. En xeral, a maioría das mulleres que participan no programa teñen cargas familiares non compartidas en orixe, así coma débedas adquiridas para a realización do seu proxecto migratorio. En ocasións estas débedas están vinculadas a situacións de explotación sexual, e/ou a ser vítimas de trata de seres humanas, situación que aumenta súa vulnerabilidade socio-económica e/ou situación de pobreza estrutural. A nivel socio-educativo contan con estudos primarios ou secundarios, aumentando substancialmente o número de mulleres con estudos superiores en país de orixe.

Estímase, tendo como base os datos de anos anteriores, que arredor de 40 mulleres participarán neste programa de acompañamento durante o ano 2026, aínda que pola

experiencia dos últimos anos esta cifra pode ser variable e está suxeita ao continuo cambio do sistema prostitucional que atopa cada vez máis portas abertas no eido dixital, que invisibiliza a precariedade e aumenta as dificultades socioeconómicas, perpetuando situacións de desigualdade, e de vulnerabilidade persoal das mulleres en contextos de prostitución: aumentan as situacións de agresións sexuais, o descoñecemento de dereitos aos que poden acceder, aparenta a prostitución como única alternativa económica para súas necesidades básicas a curto prazo, con escaso ou nulo control sobre o lugar no que se atopan, e a chegada de familiares a cargo (sobre todo menores de idade) con ausencia de proxecto migratorio organizado.

Todas estas condicións repercuten directamente na necesidade dun maior número de contactos directos coas mulleres para atención individual nas diferentes áreas, situándonos así coma seu lugar de referencia e, por outra banda, a realización de proxectos persoais de acompañamento en saúde máis a medio-longo prazo para a consecución de obxectivos integrais de mellora persoal e de calidade de vida, que a veces fanse en varias fases temporais tendo en conta as interrupcións da súa mobilidade xeográfica, e a nova realidade do sistema prostitucional que as invisibiliza.

IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO.

A intervención integral especializada do Proxecto "Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución" repercutirá de xeito positivo na calidade de vida das mulleres participantes do mesmo. Este proxecto pretende que, a través dos procesos persoais e individualizados, todas e cada unha das participantes poidan gozar e coñecer os seus dereitos e vexan mellorada a súa situación vital así como posibilitar unha alternativa á situación da prostitución, e/ou explotación sexual.

Así mesmo, incidirá en dotar ás mulleres das habilidades e as ferramentas persoais suficientes para desenvolverse na súa contorna e facilitar o seu acceso ao mercado laboral para que a súa situación de vulnerabilidade e risco de exclusión social sexan substancialmente reducidos. Este proxecto pretende fortalecer e continuar coa liña de traballo dos proxectos realizados en anos anteriores ao abeiro dos bos resultados avaliados. De xeito indirecto pero non menos importante, o proxecto repercutirá de maneira positiva en todo o sistema socio-comunitario dando a coñecer esta realidade e sensibilizando redes asociativas e comunitarias locais que apoiem ao acceso a dereitos das mulleres, e, polo tanto, promovendo un municipio en igualdade.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO

Recursos humanos:

Persoal contratado:

- Educadora vinculada á área social co 50% da súa xornada laboral.
- Educadora vinculada á área prelaboral co 30% da súa xornada laboral
- Psicóloga vinculada á área persoal e de saúde co 50 % da súa xornada laboral.

Voluntariado:

- Estímase que serán 3 persoas voluntarias as que participarán no proxecto apoiando as actividades e/ou impartindo determinados obradoiros vinculados a súa area de coñecemento.

Recursos materiais:

O local das Irmáns Oblatas do S.R, sede de Vagalume, con todo o seu equipamento estará a disposición do Proxecto "Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución" así como o vehículo da entidade que permitira realizar os desprazamentos que esixan as intervencións.

AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación (cualitativa e cuantitativa) realizarase tanto durante a execución do proxecto a modo de seguemento como no momento da finalización do mesmo.

A **avaliación cualitativa**, a través do seguimento e acompañamento nos procesos de desenvolvemento persoal individualizados, o equipo técnico que executa o proxecto poderá obter datos de cómo foi o camiño percorrido por cada muller, cales foron as dificultades e cales as fortalezas e, por suposto, avaliar en tempo real cal foi a adquisición de habilidades, ferramentas, estratexias a tódolos niveis.

O Equipo Técnico e as actividades, tamén será avaliado polas participantes cunha avaliación interna para valorar a intervención, metodoloxía, etc.

A metodoloxía empregada para a avaliación cualitativa serán as entrevistas individuais, grupais e cuestionarios abertos para suxestións.

A **avaliación cuantitativa**, poderá desvelar de xeito numérico cales foron os resultados obtidos polo proxecto. Para isto prestarase especial atención ao seguinte:

- Nº de mulleres atendidas
- Nº de mulleres que ven mellorada a súa calidade de vida
- Nº de mulleres que realizan un proxecto persoal con éxito
- Nº de mulleres que logran, en caso de non tela, a cobertura sanitaria
- Nº de mulleres que acceden a recursos e entidades sociais
- Nº de mulleres que acceden a Servizos Sociais e coas que se realiza seguimento, mediación e coordinación
- Nº de mulleres que acoden a orientación pre- laboral
- Nº de mulleres que acoden a obradoiros de estratexias e habilidades para a mellora da empregabilidade
- Nº de mulleres que teñen posibilidades de acceso ao mercado laboral
- Nº de mulleres que reciben atención psicolóxica e orientación en saúde para mellora e mantemento de benestar persoal.
- Nº de mulleres que participan nos obradoiros de igualdade, prevención de violencia de xénero, benestar e hábitos saudables.

VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR

A difusión do proxecto "Acompañamento a mulleres en contextos de prostitución" realizarase especialmente a través da web e das redes sociais (incluído whatsapp), medios que permiten chegar a un gran número de persoas; mediante material informativo de difusión sobre o proxecto a través de entidades colaboradoras e que se reparta nos clubs e pisos visitados. Do mesmo xeito, cabe sinalar que as mulleres actúan como catalizadoras e, por tanto, tamén difunden o proxecto.

WEB: www.programavagalume.org ; <http://www.caritas-santiago.org> /

FACEBOOK: <https://www.facebook.com/centrodamullervagalume>

DATAS

A execución do proxecto levarase a cabo do 1 de xaneiro ao 30 de setembro do 2026.

ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:

1. NOME DA ACTIVIDADE: Acompañamento na área persoal

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: O acompañamento persoal engloba a acollida así como a creación e seguimento do proxecto persoal de cada muller.

OBXECTIVO(S) DESTA ACTIVIDADE: Promover o empoderamento das mulleres en contextos de prostitución a través de procesos de desenvolvemento persoal e, por tanto, incidir na recuperación persoal tanto a nivel físico como emocional.

PERSOAS DESTINATARIAS: Arredor de 40 mulleres en contextos de prostitución, maioritariamente inmigrantes.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro de día, Sede do Programa Vagalume.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN: Acollida, información e pacto de obxectivos, creación e seguimento do proxecto persoal (con especial atención á recuperación e benestar persoal, adquisición de hábitos de vida saudables, autonomía e xestión da vida diaria...)

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS: Psicóloga e voluntariado (no caso de precisar apoio en determinados trámites) , sede do programa co seu equipamento e vehículo da entidade.

DATAS: 01/01/2026 – 30/09/2026

2. NOME DA ACTIVIDADE: Acompañamento na área social

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: esta actividade abrangue a orientación social, as derivacións a recursos/entidades, o seguimento e coordinación con Servizos Sociais e a promoción da cobertura sanitaria; tamén constará de obradoiros formativos en diferentes temáticas (igualdade, promoción da integración social...)

OBXECTIVO(S) DESTA ACTIVIDADE: Os obxectivos desta actividade son facilitar e motivar o acceso das participantes aos diferentes recursos/entidades e fomentar a participación social e a integración no entorno das mulleres participantes, así como mellorar as habilidades sociais e coñecementos socioculturais das mulleres.

PERSOAS DESTINATARIAS: Arredor de 40 mulleres en contextos de prostitución, maioritariamente inmigrantes.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro de día, Sede do Programa Vagalume

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN: atención primaria, valoración do caso, derivación de ser o caso, orientación e información social, acompañamentos físicos a trámites ou xestións e coordinación con Servizos Sociais no caso das participantes que teñen algunha prestación social (prestacións municipais, RISGA, RAI, IMV...). Ademais realizarase a programación, execución e avaliación dos obradoiros formativos.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS: dúas educadoras (unha vinculada a área social e outra á pre-laboral) e voluntariado (no caso de precisar apoio en determinados trámites e/ou obradoiros) , sede do programa co seu equipamento e vehículo da Entidade.

DATAS: 01/01/2026 – 30/09/2026

3. NOME DA ACTIVIDADE: Acompañamento na área saúde.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE: esta actividade engloba a orientación en saúde integral, sexualidade respetuosa, apoio emocional e atención psicolóxica.

OBXECTIVO(S) DESTA ACTIVIDADE: a través desta actividade o que se busca é crear unha intervención coas mulleres que favoreza o seu desenvolvemento integral, habilidades e competencias na xestión da súa saúde física e emocional. Favorecer, dende o apoio psicolóxico específico en xénero, recuperación do benestar persoal. Acompañar o proceso de incerteza e posible inestabilidade persoal desencadeado pola situación sociosanitaria particular e obradoiros grupais de igualdade e prevención violencias.

PERSOAS DESTINATARIAS: Arredor de 40 mulleres en contextos de prostitución, maioritariamente inmigrantes.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Centro de día, Sede do Programa Vagalume.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN: acollida, valoración do caso, orientación en saúde individual, atención psicolóxica individual e obradoiros grupais de saúde e sexualidade respetuosa, xestión emocional e autocoidado.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS: Psicóloga, voluntariado (no caso de precisar apoio en determinados obradoiros) e sede do programa co seu equipamento.

DATAS: 01/01/2026 – 30/09/2026

4. NOME DA ACTIVIDADE: Acompañamento na área Pre-laboral

DESCRICION DA ACTIVIDADE: esta actividade constará de obradoiros específicos para a adquisición de ferramentas e estratexias para a mellora da empregabilidade e orientación laboral individual.

OBXECTIVO(S) DESTA ACTIVIDADE: Orientación pre-laboral individual e obradoiros específicos. Así como mellorar a súa empregabilidade e acceso ao mercado laboral.

PERSOAS DESTINATARIAS: Arredor de 40 mulleres en contextos de prostitución, maioritariamente inmigrantes.

LUGAR DE REALIZACION: Centro de día, Sede do Programa Vagalume.

ACTIVIDADES DE PLANIFICACION E EXECUCION: Programación, execución e avaliación dos obradoiros prelaborais. Orientación laboral individual e seguimento das participantes.

RECURSOS HUMANOS E MATERIALS: Educadora Prelaboral e voluntariado (no caso de precisar apoio en determinados obradoiros), e sede do programa co seu equipamento.

DATAS: 01/01/2026 – 30/09/2026

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2026, achegará a **CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** a cantidade de **TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €)**, segundo o previsto no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026, aprobando a relación de subvención nominativas para o exercicio 2026 e con cargo á aplicación orzamentaria **010 23102 4800001/2026.**

Esta achega económica municipal, e a propia concesión da subvención directa nominativa está excluída do procedemento ordinario de concesión de subvencións de concorrencia competitiva e encádrase dentro das subvencións nominativas previstas no Anexo das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o 2026 e, por tanto, é obxecto de concesión nominativa, conforme dispón o artigo 22.2.a), da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En canto á imputación orzamentaria ao capítulo 4, este fundaméntese en que o obxectivo perseguido polo Concello é a promoción e fomento dun proxecto realizado por unha entidade allea ao mesmo, compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo programa, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se exceda en tal caso do 100% do custo da actividade subvencionada.

En todo caso, a achega correspondente a vixencia deste convenio, queda supeditada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

Se o custo total da actividade fose inferior ao importe do financiamento público, procederá ó reintegro do importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do RLXS.

CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.

A) GASTOS DE PERSOAL Poderán imputarse, os gastos derivados da contratación de servizos persoais xa sexa de forma fixa ou temporal: salarios ou nóminas, IRPF e seguros sociais. En función da modalidade de prestación dos servizos ou actividades, diferéncianse os seguintes:

A.1)- Contrato laboral: deberá presentarse o correspondente contrato de traballo, de acordo coa normativa pola que se rexa, no que se deberán especificar as circunstancias previstas na normativa de aplicación:

- Tarefas a desempeñar
- Modalidade de contratación
- Categoría profesional
- Salario

Imputando o bruto da nómina:

- Nómina que terá como imputación o total devengado a percibir polas persoas contratadas. Deberá achegar o recibo de transferencia bancaria.
- Seguros sociais: son os que proporcionalmente correspondan á empresa polo tempo realmente dedicado á execución do proxecto de que se trate. Será obrigatoria a presentación dos documentos RLC e RNT debidamente validados correspondentes ao mes no que o/o traballador/para dedica ao proxecto: detallando a cantidade para imputar correspondente á empresa e o seu xustificante de pago. A parte correspondente ao traballador xa se imputou na nómina, xa que este concepto forma parte do total devengado.
- IRPF: Deberá así mesmo presentar o impreso 111 do IRPF correspondente, para a súa comprobación, e o seu xustificante de pago. Non se imputa contía xa está incluída na nómina, este concepto forma parte do total devengado.

NON terán a consideración de gastos subvencionable os orixinados por:

- As persoas membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades polo desempeño do seu cargo, salvo as excepcións contempladas na Lei de Asociacións.
- As penalizacións ou compensacións por incumprimentos de contrato, achacables á entidade beneficiaria da subvención, entre os que se inclúen os gastos por despedimentos.
- As recargas por falta de pagamento ou atrasos en impostos retidos ou seguridade social.
- Os gastos imputados no proxecto, por contratación ou prestación de servizos, realizados por persoas membros das Xuntas Directivas ou Consellos de Dirección das entidades. .En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención. Só se admitirán como xustificables ou elixibles,

relacións laborais por prestación de servizos en réxime de asalariado (traballador social, psicólogo,...) a condición de que, os cargos directivos non estean remunerados por exercer o devandito cargo e conste de forma expresa nos seus estatutos ou acordo da Xunta Directiva e no proxecto onde se solicita a subvención.

A.2)- Os honorarios de profesionais que realicen funcións de execución directa do proxecto, tales como identificación de accións, seguimento de actuacións, execución de actividades ou avaliación.

O persoal non vinculado coa entidade poderá impartir talleres, conferencias e docencia, sempre que cumpra co requisito de impartición esporádica.

Deberá presentar:

- Factura na que conste o concepto detallado da actividade formativa, taller....realizada, coas correspondentes retencións IRPF, e xustificante de pago.
- Fotocopia do DNI.
- Modelo 111 de ingreso de retención de IRPF, especificado como rendemento do traballo ou Resumo anual, modelo 190 de ingreso por retención de IRPF, coa relación anual de perceptores e xustificante de pago.
- Declaración Responsable na que se faga constar os requisitos mencionados (impartición esporádica e non superar o salario mínimo profesional anual).

En ningún caso aceptaranse facturas por prestación de servizos ou recibidos por impartición de xornadas formativas, de cargos directivos, Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro ou Vogais da Xunta Directiva, emitidos á asociación con cargo á subvención.

B) Alugueiro de inmobles. Establécese un límite máximo de imputación, que por defecto, non poderá superar, en ningún caso, o 25% do importe da subvención, aínda que esta limitación non será aplicable aos gastos correspondentes ao arrendamento de pisos destinados á acollida de persoas vulnerables.

Será considerado custo directo soamente se o espazo é utilizado para a execución directa das actividades do proxecto.

Tipo de alugueiros:

- Alugueiro de oficina ou local para realización de actividade.

- Alugueiros necesarios para o desenvolvemento da actividade (equipos de son, instalacións deportivas e culturais, mesas, cadeiras....).

Deberá presentar factura correspondente e xustificante de pago. No caso de alugueiros de oficinas ou locais dita factura incluírá o importe do alugueiro, o IVE e:

- A retención de IRPF cando quen arrenda sexa persoa física e, ademais, a persoa arrendataria estea incluído nalgún dos supostos do artigo 76 do Regulamento do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF). En resumo, teñen a obrigaón de reter os/as arrendatarios/ as que sexan persoas xurídicas.
- As retencións do Imposto de Sociedades. Nos casos en que quen arrenda estea sometido ao Imposto de Sociedades, a persoa inquilina practicará retención con cargo ao Imposto de Sociedades.

Para o caso de alugueiro de local habitual é necesaria a presentación do contrato de arrendamento, así como os impresos 115 e 180 de retencións fiscais para arrendamentos urbanos.

C) Contratación de seguros “ad hoc”, esixidos como condición para a cobertura ordinaria de persoas e bens afectados polo proxecto ou actividade subvencionada.

Neste concepto inclúese o importe das pólizas ou primas por responsabilidade civil e risco de accidentes, que puidesen producirse como consecuencia da realización das actividades subvencionada, (asistencia ás accións formativas, visitas didácticas, eventos...)

É necesario presentar a póliza, a relación das persoas aseguradas e a factura co seu xustificante de pago.

D) MANTEMENTO E CONSERVACIÓN.-Son os gastos relacionados con reparacións de equipos de oficina e os elementos do inmovilizado, para emendar un menoscabo producido por causas fortuítas ou accidentais e polo seu uso, sempre que non afecten á súa estrutura e estean relacionados directamente coas actividades subvencionadas. Tamén se incluírán os gastos relacionados coa limpeza de local ou similares. Deberá presentar factura detallada e xustificante segundo a forma de pago realizada.

E) MATERIAL FUNXIBLE.-Son aqueles que se esgotan coa conclusión do mesmo. Inclúiranse nesta partida todos aqueles gastos correspondentes a consumibles informáticos, material de oficina, material de formación... Deberá presentar factura detallada e xustificante de pago segundo a forma de pago realizada.

F) SUBMINISTRACIÓNS.-Gastos de subministracións relacionadas co proxecto, non inventariables: auga, luz, gas, teléfono, internet e similares.

Normalmente están compartidos con outros proxectos ou coas tarefas propias do funcionamento da entidade. Se se imputan ao proxecto gastos deste tipo deberase contemplar na xustificación os criterios seguidos para a súa imputación, en base a que criterios ou variables repártense os gastos e o cálculo das porcentaxes imputadas. Á marxe dos criterios de imputación que elixa a entidade para a imputación destes gastos, debe sempre terse en conta o seguinte:

- Non serán subvencionables os consumos ou gastos que tivesen lugar fora do período de realización do proxecto, por tanto, terase en conta o período facturado que apareza na factura.
- Os gastos deben corresponder a consumos realizados nos locais onde se desenvolve o proxecto ou consumos relacionados dalgún modo con el.

Deberá presentar factura xunto co seu xustificante de pago.

4.2.- GASTOS NON SUBVENCIONABLES:

- a) Os gastos financeiros, licenzas e tributos.
- b) Sen prexuízo diso, o IVE/IVE considerarase gasto subvencionable, coa condición que se indica no parágrafo seguinte.
- c) En ningún caso considéranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- d) Por tanto, deberase presentar certificación negativa da Axencia Tributaria na que conste que a entidade non está dada de alta no Imposto sobre o Valor Engadido ou que non presentou declaración do Resumo Anual do Imposto sobre o Valor Engadido do/os exercicio/ s correspondente/ s, ou no seu caso modelo oficial de Resumo anual no que non figuren operacións, de acordo ao establecido no Real Decreto 1624/1992, do 29 de decembro.
- e) Os gastos de investimento.
- f) As gratificacións que, no seu caso, perciban os voluntarios sociais da institución.
- g) Os gastos de desprazamento, dietas e manutención do persoal vinculado ao proxecto, incluídos os voluntarios e os membros dos órganos de goberno da entidade.
- h) Os intereses, recargas de demora e sancións que sexan impostas á entidade.

- i) Os gastos que se orixinen como consecuencia da simple participación dos membros da entidade nos órganos de goberno e dirección.
- j) Os gastos derivados das accións que teñan como obxectivo promocionar á institución en si mesma .
- k) Os gastos de asesoría xurídica ou financeira e os gastos notariais e rexistrais.
- l) Gastos de restauración, cátering, degustacións culinarias e similares. Excepto os gastos para a compra de ingredientes culinarios e bebidas non alcohólicas, así como os que queden plasmados no orzamento de forma expresa e motivada, sempre que estean relacionados directamente co obxecto do proxecto e as actividades programadas.
- m) Gastos de investimento: son os destinados á creación de infraestruturas e á creación ou adquisición de bens de natureza inventariable e aqueles outros gastos que teñan carácter de amortizables (compra de computadores, impresoras, mesas, cadeiras, cámaras fotográficas, reprodutores de DVD, adquisición de dominios da internet....).
- n) Gastos destinados a investimentos para construción de instalacións e equipamento.
- o) Pólizas de seguros de vehículos, propiedade da entidade.
- p) Aqueles gastos, que non estando expresamente excluídos, non estean incluídos na formulación do proxecto presentado.
- q) O IVE da factura non será subvencionable se é susceptible de desgravación por parte da empresa, debendo presentar Declaración Responsable respecto diso.

QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 30 de setembro de 2026**, a seguinte documentación:

- a) Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura
- b) Unha **Memoria de actuación** das actividades realizadas no proxecto xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
- c) Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio.
- d) Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
- e) Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) e nóminas ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade

- f) Unha **Memoria Económica** xustificativa do custo das actividades que terá o contido do artigo 72 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en que se reflicta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.
- g) A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

FACTURAS:

- **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

No caso de que a obrigación de expedir factura poida cumprirse mediante factura simplificada, deberá ter o contido esixido polo artigo 7 do citado Real Decreto.

No ámbito do presente Convenio, esíxese que na factura conste como destinataria a entidade beneficiaria, con expresión do seu Número de Identificación Fiscal.

As facturas ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal**.

A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

0. No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do proveedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.
1. Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo.

Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

1. Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
2. **Certificado que acredite as horas de traballo** adicadas por cada persoa traballadora ao proxecto asinado polo representante da entidade e polo traballador ou traballadora afecto/a.
3. **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria selada pola entidade bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
4. **Seguros sociais** e xustificante bancario do seu pagamento por parte da beneficiaria selado pola entidade bancaria intermediaria,
5. Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
6. Os custos de persoal deberán acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada
7. Se con cargo á subvención páganse seguros sociais e retencións de IRPF, só poderán imputarse as cantidades correspondentes aos meses e traballadores cuxas nóminas se imputen.

Non serán imputables á subvención os importes correspondentes ás retencións de IRPF nin os seguros sociais nos casos en que a entidade teña concedido o aprazamento ou fraccionamento de débedas correspondentes ás mesmas, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

No caso de que as facturas, nóminas, Seguros Sociais (documentos RLC e RNT) e os modelos 111 emitíranse electronicamente, a entidade deberá presentar, ademais, a declaración responsable

A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos de imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo da mesma selado pola entidade bancaria correspondente. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasolinerías, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscientos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben por medio dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.
- h) **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e

da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

- i) Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.
- j) Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas polo Concello de Santiago mediante a inclusión da imaxe corporativa do mesmo. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.

Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarse a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **30 de setembro de 2026**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

O Concello resérvase o dereito a comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información requíralle o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.

SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS habilitados ao efecto, dispoñibles na sede electrónica municipal**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación.

Será necesario así mesmo, que a entidade achegue ademais vía correo electrónico a documentación aportada no Rexistro, ós efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS en formato de texto editable**

(.doc, ou .docx), debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico cim@santiagodecompostela.gal – Departamento de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello, isto é, **30 de setembro de 2026**.

SETIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2026, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

1. Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
2. Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
3. Remitir todos os ANEXOS en formato **de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática ó departamento de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela ós efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicarlle ó Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan

- pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Acreditar, con anterioridade á proposta de resolución de concesión, que se encontra ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
 7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
 8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
 9. A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na **cláusula oitava** do presente convenio.
 10. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 11. Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12. Dado que a subscripción do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou

audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
 - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado.Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.

e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA

1. **CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOTELA** é a responsable única e directa dos tratamentos de datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e está obrigada ao cumprimento das prescricións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016 así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico do departamento de Igualdade do Concello de Santiago e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓNS

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2026 ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DECIMOTERCEIRA. RESPONSABILIDADE

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 30 de setembro de 2026, sendo subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta (30 de setembro de 2026) en relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LGS, entendendo que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa.

Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos na data da sinatura electrónica.

Dona Goretti Sanmartín Rei
Concello de Santiago de Compostela

Dona María Pilar Farjas Abadía
Cáritas Diocesana de Santiago.

ANEXO I

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS
CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA
OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROGRAMA: PROGRAMA “Acompañamento a mulleres en
contextos de prostitución”**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2026
SALARIOS BRUTOS	22.978,12€
SEGURIDADE SOCIAL	7.670,43€
TOTAL	30.648,55 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduxa o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2026, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.